

Buenos Aires, 4 de Xulio de 1978.

Sr. D. Marino Dónega Rozas

A Coruña

Querido Dónega:

Recibín a tua carta fai dias, uns dez dias cecáis, e alegróume moito a noticia do voso viaxe a Caracas. Teño concencia da tua responsabilidade no cárrago que aceptache sabendo nos que ti eres o único que ten idea do que é Galicia e que tes unha vida consagrada a ela. Si eu pódote servir de algún xeito, fareino con moito gusto. Matino que mais necesario é, ao meu xuicio, programar a futura vida cultural galega atendendo, sobre todo, as pequenas vilas, na súa maioría centro de bisbarras. Do fomento cultural nelas depende o porvir de Galicia. Constitúen a influencia mais directa sobre os concellos e as parroquias. Dende elas pódese facer moito, ourentando as xentes sobre moitos problemas da vida diaria que constitúen o fundamento dunha vida cultural mais ampla. Téñense de facer equipos de divulgación compostos por técnicos mozos. Fai anos fixen un programa encol destas custións que rematou nun Sargadelos adicado ao turismo supostamente intelectual no mellor dos casos. Un amplo centro cultural en cada vila, e un modesto boletín mensual coa vida cultural galega que divulgue o que se fai mesmamente hoxe en Galicia, con destino as relacións públicas e cos outros países da península, e co estranxeiro. Un boletín de 24 páxinas en formato pequeno, sin ilustracións e perfectamente diagramado, feito en galego, castelán e en algún outro idioma, francés ou inglés, en edicións separadas. Podo ampliar o proieto estruturándoo.

Con respecto a Buenos Aires, Caracas é Centro América, Buenos Aires é Europa, e os soios cambeos que teríades son os de estación e hora. Nesta época do ano temos un clima invernal benigno, bastante parecido ó desacidade, o da Coruña. Mais supoñemos que algo teredes visto por T.V. do mundial de Fútbol os dias pasados, desta cidade, e da Arxentina enteira, fai unhas semáns. O que pasou co pobo non é pra escribilo agora, nin narralo, tense que ter visto. Millóns de xentes nas ruas manifestando seu xúbilo, de todas clases sociaes, sen agredir a ninguén, sin borrachos, sin asaltos a tendas, irmanados na súa ledicia. Un espectáculo que non tivo par en nengunha parte, que sepamos.



Lembrámonos moito das pequenas reunións da Coruña. Non sabemos aínda cando voltaremos. Teño moito que facer e aínda casi non fixen nada. Complicóuseme todo moito. Agardamos por Domingo que virá para o Día de Galicia, e prometémonos acompañalo no tempo que o deixen libre..

Escribídenos. ¿Casaron Fernando e Milagro?. tédenos ao tanto da boda. Gostaría-me chegar a tempo pra che facer un retrato co peito condecorado de gobernante.

Unha grande aperta para os dous, e Fernando e Milagro. Tamén para os amigos que pregunten por nos.